

a VIDA no CENTRO



A MUIÑEIRA DA FOLGA FEMINISTA GALEGAS 8M

Lembramos o oito de marzo
ás precarias do textil,
milleiros de costureiras
loitaron por ti e por min

Mulleres precarizadas
na arañeira do varón
ás que explota este sistema
ás que viola o seu patrón..

E á folga 10, á folga 100
á folga as kellys imos tamén
Á folga 100, á folga mil
eu por elas nai, e elas por min.

Mestras, nais e sanitarias
limpadoras do fogar
coidadoras mal pagadas
é a hora de avanzar!

Contra o estado machista
ímonos levantar
sair do chan pegañento
rachar teitos de cristal

E á folga 10, á folga 100...

Fortes, bravas e diversas
sororidade brutal
loitaremos pola vida
lume contra o capital!

Recortes en sanidade
Liberdade, educación
Confinando as nosas vidas
Mulleres! Á rebelión!

E á folga 10, á folga 100
á folga as kellys imos tamén
Á folga 100, á folga 1000
eu por elas nai, e elas por min

